

UniversidadeVigo

**PRACTICUM MESTRADO
UNIVERSITARIO “INTERVENCIÓN
MULTIDISCIPLINAR NA
DIVERSIDADE EN CONTEXTOS
EDUCATIVOS”**

CAMPUS DE OURENSE
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

ÍNDICE:

PRESENTACIÓN.....	3
1. COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA	3
2. CONTIDOS	5
3. RECURSOS PARA A APRENDIZAXE E AXENTES IMPLICADOS	5
4. ÁMBITOS E DURACIÓN DO PRACTICUM.....	6
5. FORMATO DE PRESENTACIÓN DA MEMORIA.....	6
6. SISTEMA DE AVALIACIÓN DO PRACTICUM	7

PRESENTACIÓN

Esta materia, de carácter obrigatorio, está considerada como practicum do máster. As prácticas levaranse a cabo en institucións ou servizos, públicos ou privados, que serán elixidos polos estudantes a partir da oferta presentada pola comisión académica e responsable do practicum. No caso de que existan máis solicitudes que prazas ofertadas establecerase como criterio de preferencia o expediente académico, sempre que se entregue a solicitude no prazo establecido.

As prácticas realizaranse en espazos laborais relacionados coas saídas profesionais preferentes dentro do ámbito educativo e socio-educativo: centros educativos de todos os niveis, administración estatal, autonómica e local, departamentos privados e públicos de formación e selección de persoal e de inserción laboral, residencias da terceira idade, centros de lecer e animación socio-cultural, organizacións non gubernamentais, etc.

Para a realización das prácticas contarase cos convenios correspondentes, estando os estudantes cubertos co seguro escolar

1. COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA

Competencias xenéricas

- Adquirir unha formación práctica de carácter multidisciplinar en contextos profesionais reais, con énfase nos aspectos relacionados coa diversidade en xeral ou con algunha das diversidades contempladas nos módulos específicos do máster

- Establecer un contacto directo con experiencias profesionais innovadoras relacionadas coa diversidade, analizando as posibilidades de ser transferidas a outros contextos laborais emerxentes

- Favorecer a adquisición de destrezas relacionadas co deseño e posta en práctica de programas de intervención, sendo conscientes das implicacións éticas derivadas das decisións profesionais

Competencias específicas

- Coñecer a estrutura e finalidades dos servizos ou institucións nos que se realicen as prácticas

- Analizar a documentación básica na que se sustente a actividade do servizo ou institución, tanto informes, programas como marco lexislativo, fixándose especialmente no relativo á diversidade

- Desenvolver actividades de observación sistemática das actuacións dos profesionais

- Colaborar cos profesionais da institución ou servizo no que eles consideren pertinente

- Deseñar algunha proposta de intervención específica de inclusión e normalización da diversidade

- Poñer en práctica algún actividade tutelada previamente deseñada

- Deseñar un perfil profesional que inclúa actuacións relacionadas coa diversidade, perfís relacionados especialmente con novos xacementos de emprego

- Utilizar as novas tecnoloxías da información e a comunicación adaptadas ao contexto laboral do practicum

- Adquirir habilidades de comunicación e traballo colaborativo con profesionais de diferente formación e responsabilidades

- Adquirir condutas de respecto e axuda, en especial cara aquelas persoas ou colectivos que estean en risco de exclusión social ou de marxinación
- Ser capaz de elaborar unha memoria que reflicta as aprendizaxes máis importantes adquiridas no practicum, seguindo a estrutura recomendada polo tutor ou titora do máster.

2. CONTIDOS

- Contextualización das prácticas: descrición da institución ou servizo
- Perfís profesionais e a súa relación coa atención á diversidade
- As prácticas externas como instrumento de desenvolvemento de profesionais en formación e noveles

3. RECURSOS PARA A APRENDIZAXE E AXENTES IMPLICADOS

- Os ofrecidos pola institución ou servizo onde se realicen as prácticas
- Os recursos complementarios de utilidade que ofrece o máster: bibliografía, tests, programas informáticos, programas e materiais de intervención de carácter innovador, etc.

Os axentes implicados son: Profesorado da universidade (**Profesor/a tutor/a no Mestrado**) e Profesionais do ámbito educativo, psicoeducativo e socioeducativo relacionados coa diversidade (**Titores externos**).

Profesor/a Tutor/a do Mestrado:

Funcións: Planificación, orientación ao alumnado nas tarefas a desenvolver no centro de prácticas; labores de coordinación e apoio o tutor/a na institución/servizo, orientación no desenvolvemento da memoria, avaliación e seguimento do alumnado o seu cargo.

Titorías: CONSULTAR CO TUTOR OU TITORA DO MESTRADO

Titor/a na Institución/Servizo: (profesional-titor)

Funcións: Orientación ao alumnado nas tarefas específicas a desenvolver no centro de prácticas; facilitar a integración do alumnado no centro/institución e avaliación do alumnado asignado ao seu centro (a avaliación efectúase a través dun cuestionario).

As funcións realizadas son recoñecidas a través dun certificado acreditativo por parte da Universidade.

Alumnado:

Funcións: Asistir, participar e colaborar cos profesionais da institución ou servizo no que eles consideren pertinente. Asistir as reunións fixadas e as sesións de tutoría co titor/a do Mestrado. Realización da Memoria Final.

4. ÁMBITOS E DURACIÓN DO PRACTICUM.

Ámbitos preferentes do practicum: educativo institucional; saúde; menores; discapacidades; terceira idade; ocio e tempo libre; xuventude; educación de adultos/animación sociolaboral; animación sociocultural; concellos e mancomunidades.

Sempre que sexa posible, o ámbito, servizos ou institucións nas que se realice o practicum han de ser diferentes ós do practicum da titulación de acceso.

Duración do practicum nas institucións ou servizos: 120 HORAS

5. FORMATO DE PRESENTACIÓN DA MEMORIA:

Se presentará unha memoria que recolla todos os aspectos anteriormente citados. Debe seguirse a seguinte estrutura:

Portada:

(título:) PRÁCTICUM DO MESTRADO UNIVERSITARIO
“INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN
CONTEXTOS EDUCATIVOS”

(autor/a: ---)

Universidade de Vigo
Campus de Ourense
Facultade de Ciencias da Educación
Curso ____ / ____

(2ª páxina)

título: PRÁCTICUM DO MESTRADO.....

autor/a: ---

sinatura:

Data de entrega:

Institución onde se realizou o Practicum:

Titor/a na Institución:

Profesor-titor/a no Mestrado:

Universidade de Vigo
Campus de Ourense
Facultade de Ciencias da Educación
Curso ____ / ____

A continuación presentarse o desenvolvemento da memoria, que constará dos seguintes apartados:

Índice (paxinado)
Introdución
Contextualización do practicum
Actividades realizadas
Valoración do practicum
Referencias bibliográficas
Anexos

Extensión e formato:

Extensión máxima de 10 folios con letra tipo Times New Roman tamaño 12 a 1,5 espacios.

6. SISTEMA DE AVALIACIÓN DO PRACTICUM

SISTEMA DE AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓNS
Memoria das prácticas	Valoración da memoria en relación cos seguintes aspectos: organización e estrutura, claridade de exposición, relación das actividades realizadas e concordancia cos obxectivos do máster, valoración persoal dende unha óptica profesional sobre a experiencia nas prácticas: ata 4 puntos
Informe da titora ou titor externo	Terase en conta a valoración realizada pola titora ou titor a través dun cuestionario específico de avaliación, que debe incluír, ademais, unha folla de firmas na que conste as horas de asistencia: ata 5 puntos
Informe do seguimento da titora ou titor asignado entre os docentes do Máster	Terase en conta o contacto co titor/a do mestrado e o seguimento das súas orientacións para o mellor aproveitamento do labor desenvolvido no practicum: ata 1 punto